





way.
ey Longvini
ed car park (GR
with map. "GP"
ome of these and
hen ascend the
you meet a sign
ead, half right.
to (in quick
ootpath and ove
oint; do not cro

otbridge.
is south



CLUB DE LECTURA

da historia de Betanzos



CLUB DE LECTURA DA HISTORIA DE BETANZOS

ORGANIZA: CONCELLO DE BETANZOS e CRUZ VERMELLA BETANZOS

COORDINACIÓN: MARÍA INMACULADA GARCÍA FUENTES e ÁNGEL ARCAY BARRAL

LUGAR DE REALIZACIÓN: BAM BETANZOS (BIBLIOTECA, ARQUIVO e MUSEO)

ANO DE REALIZACIÓN: 2023

1. DESCRICIÓN PORMENORIZADA

A Biblioteca Municipal de Betanzos A. Castelao ten a sorte de estar localizada no interior do antigo convento de San Domingos, onde comparte a día de hoxe instalacións co Arquivo Municipal, co Museo das Mariñas, ca Oficina Municipal de Información Xuvenil e ca CEMIT de Betanzos (Centro para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica). Este antigo convento está no centro da vila, facilitando o acceso a pé de todos os veciños e veciñas que aquí queiran achegarse.

Tras unha completa reformulación da Biblioteca no ano 2022, este ano 2023 comezamos a desenvolver proxectos con diferentes asociacións da cidade de Betanzos ca intención de difundir os nosos fondos e de dar a coñecer a gran cantidade de información que atesouramos tanto na Biblioteca Municipal como no Arquivo Municipal e, por suposto, no Museo das Mariñas, dependendo as tres institucións dunha mesma dirección.

Un destes proxectos foi realizado en colaboración ca asociación local da Cruz Roja e estaba orientado cara dous obradoiros diferentes e separados pero que realmente gardaban certa relación: un club de lectura de temas históricos para xente maior de 65 anos en situación de soidade non desexada e un obradoiro para formar a público do mesmo perfil como guías do museo, aproveitando as súas historias de vida e poñendo en relación os materiais do museo cas súas experiencias.

A través dos Servizos Sociais do Concello de Betanzos e da propia agrupación da Cruz Roja, contactouse con centros médicos, centros de día, pequenos comercios e locais empregados habitualmente por xente maior de 65 anos para achegarlles este tipo de propostas.

A. PÚBLICO

Nesta ocasión, os esforzos están centrados en achegar esta actividade a persoas maiores de 65 anos que se encontren nunha situación de soidade non desexada. Este termo pode dar lugar a equívoco, xa que de primeiras podemos pensar en persoas maiores que vivan soas, sen ningún tipo de rede comunitaria, o que os limite á hora de desenvolver calquera iniciativa social. Mais neste caso decidimos contemplar tamén outros perfís como persoas coidadoras de dependentes, que malia reportar que non estaban en situación de soidade si que puidemos ver que o feito de coidar durante todo o día a algún familiar, impedía o desenvolvemento social doutro tipo de iniciativas.

A selección levouse a cabo por medio de entrevistas entre o persoal especializado da Cruz Roja, tratando de seleccionar casos con maior preferencia para a participación nestas actividades segundo os intereses de cadaquén.

A idea era contar con grupos reducidos que permitisen un traballo directo e personalizado para tratar de lograr uns maiores avances e favorecer á integración e á relación interpersoal dos participantes.

B. CLUB DE LECTURA

Unha das actividades seleccionadas foi un club de lectura cunha serie de particularidades. En vista de que a inmensa maioría do grupo non estaba habituado á lectura, tratamos de facer pequenas seleccións de textos, reescritos en formatos accesibles para as súas limitacións (tipo de letra, tamaño da letra, vocabulario, brevidade, etc.) creando dende a propia Biblioteca Municipal uns pequenos libretos cos textos e con variedade de imaxes.

Escolleuse unha temática moi concreta para xerar interese entre a veciñanza: a propia historia da cidade. A importancia do pasado histórico betanceiro e o interese que isto sempre despertou nos veciños e veciñas do antigo Castro de Untía parecía ser, de primeiras, un tema interesante para poder explotar neste ciclo. Ademais, o feito de contar tanto cas pezas do museo, como ca propia documentación do arquivo ou as diferentes publicacións que existen sobre a historia da urbe, permitiron crear contidos atractivos que dinamizasen os encontros. Mención especial merece o Anuario Brigantino, unha revista de investigación editada anualmente dende estas tres institucións, que xunto á hemeroteca antiga que temos dixitalizada ou a gran cantidade de fotografías antigas que temos arquivadas, permitiron crear pequenos libros que os usuarios e usuarias xa conservan con cariño nas súas casas.

Para que sirva de exemplo, a primeira lectura tivo como protagonista ao barrio dos Remedios, un lugar a extramuros da cidade de Betanzos que repasamos a través de textos que abordasen as seguintes temáticas:

- A lenda pola que se levanta o Santuario dos Remedios, extraído do libro Historia de la ciudad de Betanzos, de M. Santiso.
- Varias novas de xornais de fai máis de cen anos nas que se falaba da desaparecida romaría dos alborotados.
- Unha reportaxe dun antigo xornal da asociación de veciños do barrio no que se recuperaba a figura dun veciño ilustre: o Tolín.
- Un poema dese mesmo xornal veciñal dedicado ao Calexón dos Lagares.
- Fotografías das diferentes partes do barrio: a Eira Vella nun día de malla, a Ponte Vella, o cemiterio municipal, as fontes do barrio, etc.

Ante a alta demanda para participar da actividade, establecéronse dúas quendas en diferentes horarios: unha os luns pola tarde e outra os venres pola mañá, dunha duración aproximada de 90

minutos. A idea principal era compartir un tempo de calidade entre este colectivo de persoas, que se achegasen á biblioteca e a visen como un lugar seguro ao que poden acceder cando eles queiran, ao tempo que coñecen algo máis da nosa cidade, incentivando tamén novos paseos para redescubrir unhas rúas que de primeiras xa coñecían.

Nesta hora e media que compartiamos semanalmente, había que ler os textos que propoñíamos en voz alta, cada participante un pequeno fragmento, ao tempo que eses textos estaban aderezados por imaxes sacadas dos xornais antigos, de documentos orixinais do Arquivo Municipal ou de fotografías cedidas polos propios veciños. O obxectivo principal era que os textos servisen de pé para rememorar o pasado do lugar, da persoa ou do evento que protagonizaba cada sesión, achegando testemuñas directas dun pasado betanceiro que non sempre atopamos nos libros.

Co paso das sesións e en vista da boa sintonía creada entre os participantes, decidimos ampliar varias datas para facer varias saídas nas que visitamos os puntos dos que tiñamos falado nas reunións do club. Ademais, esta iniciativa favoreceu a súa participación no obradoiro de guías do museo, o que lles permitiu afondar nos fondos da institución, investigar as pezas (con sesións na CEMIT para coñecer as fontes en liña que podían empregar, con visitas á biblioteca para consultar bibliografía ou con visitas a outros centros museísticos da cidade para que visen o proceder dos guías e como se desenvolvían nas visitas guiadas). O obxectivo deste segundo obradoiro, que acabou estando interconectado co club de lectura, xa que moitos participantes decidiron acudir aos dous, sería participar das numerosas visitas escolares que recibimos cada ano no Museo das Mariñas, aportando unha visión máis persoal das nosas pezas, ligando cada obxecto co pasado de cada un dos participantes. Por exemplo, o antigo mestre que nos explica os fondos das desaparecidas Escolas García Naveira; ou a antiga costureira que conta, peza a peza, como se facían os bordados da colección doada pola Fundación Jiménez Cossío.

C. OBXECTIVOS

Como xa temos explicado, partimos duns obxectivos moi sinxelos:

- Rachar ca situación de soidade non desexada.
- Favorecer hábitos culturais que melloren a calidade de vida dos veciños e veciñas.
- Identificar a Biblioteca Municipal como un lugar de ocio para o seu uso diario.
- Exercitar a memoria a través da lectura.
- Retomar ou habituarse a ler, pasando a ser usuarios da Biblioteca Municipal.
- Compartir historias e testemuñas sobre o pasado da cidade.

2. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS

O único resultado que agardabamos con esta acción era rachar, dentro das nosas posibilidades, esa situación de soidade non desexada, polo menos durante unhas horas á semana, favorecendo a creación de vínculos con outros habitantes da cidade e aproveitando a lectura como refuxio para combater esa situación.

Malia que cando comezamos a preparar a actividade había certas reticencias, especialmente polo persoal de Cruz Roja que moitas veces non comprendía unha acción cultural como parte da súa labor asistencial, pouco a pouco foise demostrando como este tipo de iniciativas incidían favorablemente na vida diaria das persoas e incluso melloraba a súa autoestima de cara a relacionarse co resto.

O feito de sentirse protagonistas compartindo as súas vivencias ao rememorar certos fitos históricos axudou a crear unhas dinámicas positivas que foron empurrando outras accións. Por exemplo, o boca a boca xerado entre os usuarios, favoreceu a chegada de novos participantes. Ou o interese que producían algúns textos, levounos a facer visitas in situ ás localizacións que mencionábamos, para buscar, a través das fotografías antigas, dos textos e dos documentos do arquivo, as localizacións exactas dos acontecementos.

Houbo dous detalles máis que podemos relacionar con estes resultados. Un deles é que dentro dos participantes contamos con varias persoas que viñan do estranxeiro e non coñecían a ninguén na cidade. Nese caso os veciños betanceiros funcionaron como ciceróns, explicando con máis calma moitos dos aspectos sobre os que líamos, chegando ao límite de levalos a participar de romarías veciñais, mellorando o vínculo entre os participantes. Outra consideración importante é que varios dos novos lectores decidiron compartir con todos nós materiais do seu arquivo particular que tamén serviron para mellorar os nosos fondos: fotografías familiares antigas, folletos ou xornais antigos e mesmo algún libro que tiñan na casa.

Ao final, ca escusa da lectura, rachaban varias horas á semana unha situación de soidade non desexada.

3. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA SÚA EFECTIVIDADE, INDICADORES UTILIZADOS E RESULTADO DA SÚA APLICACIÓN

O criterio principal para avaliar a efectividade é o da participación. Sendo conscientes do complicado das situacións persoais de cadaquén, chegamos a xuntar un grupo dunhas trinta persoas que participaron activamente nas sesións programadas, logrando salvar as reticencias por non ser lectores habituais, por ter problemas de accesibilidade para poder saír da casa ou desprazarse ata a Biblioteca Municipal ou por ver a actividade como unha iniciativa erudita na que eles, de primeiras, pensaban que non tiñan cabida.

O chegar dun xeito sinxelo as diferentes lecturas efectuadas, logrou manter unha participación constante, co ofrecemento tamén de novos usuarios que se quixeron unir co paso das reunións.

O que comezou como un obradoiro que se pensaba realizar durante unha hora á semana e só polas mañás, acabou derivando en dous obradoiros semanais, un pola mañá e outro pola tarde, pasando de contar con 5 participantes na primeira reunión a máis de 15 na derradeira sesión realizada no grupo de tarde.

4. POSIBILIDADE DE PROLONGACIÓN E MELLORA DO PROXECTO

O que comezou neste curso do 2022-2023 como un proxecto piloto para considerar a súa funcionalidade, acabou asentado como un proxecto co que continuar nos vindeiros anos. Rematadas as sesións, no mes de xuño comezaremos unhas vacacións das que volveremos en setembro, proxectando novas lecturas.

As melloras virán dadas pola propia previsión para organizar as actividades, pechando con máis marxe as lecturas e as actividades, avisando á xente que este ano se intentou unir cando xa estaban avanzadas as lecturas e creando criterios de medición da calidade da actividade, como formularios anónimos, control de asistencia ou mellorar a interrelación con outras iniciativas similares da contorna.

5. MÉRITOS ALEGADOS

*** Carácter innovador ou orixinalidade.**

Dende logo non podemos falar de carácter innovador ao feito de tratar de facer difusión da lectura, aínda que sexa dunha temática tan específica como o dos episodios históricos da nosa cidade, nin tan sequera da innovación ao referirnos ao colectivo ao que está dirixido. Sen embargo si que se tiñan realizado na cidade talleres de memoria e actividades similares que non afondaban nos valores culturais da vila nin na importancia da lectura para o desenvolvemento persoal. Ademais, se empregamos a lectura como un punto de encontro entre persoas que precisan tecer unha rede comunitaria e que deciden facer o esforzo de rachar cas súas dinámicas para ler sobre Betanzos, falar con veciños aos que non coñecían e aprender aspectos esquecidos da nosa cidade, entendemos que neste senso si que poderíamos considerar a actividade como unha iniciativa pioneira neste eido.

*** Implicación da comunidade.**

Quizais sexa un dos puntos fortes da boa práctica realizada en Betanzos, xa que a iniciativa nace das reunións entre a Biblioteca Municipal e a agrupación local da Cruz Roja, ao que se foron unindo outros colectivos como os Servicios Sociais da cidade ou a delegación da APEM Betanzos (Asociación Pro Enfermos Mentales) e no que tamén colaboraron centros que contasen con este público obxectivo: persoal do centro médico, farmacias, centros de días, centros de maiores, etc.

*** Alcance e relevancia.**

Como xa explicamos, o público ao que estaba dirixido a actividade era todo aquel maior de sesenta e cinco anos en situación de soidade non desexada. Como este concepto podía dar lugar a equívoco, a participación estaba supeditada a unha entrevista previa cos profesionais da Cruz Roja para que derivasen, se entendían que a persoa estaba nesta situación, á participación co resto do grupo. No perfil de usuario atopamos diferentes tipos de persoas: inmigrantes sen lazos comunitarios, xente que enviuvou e non contaba con familiares próximos, persoas que coidaban dependentes ou mesmo aos netos durante boa parte do día -polo que consideraban que non estaban en soidade, aínda que a súa calidade de vida tivera minguado-, polo que todas estaban en risco de exclusión social, ao quedar apartadas do movemento diario da cidade. Mención a parte merece o caso da Asociación Pro Enfermos Mentales, cos que chegamos a un acordo tras realizar unha visita con eles ás instalacións da Biblioteca, o Museo e o Arquivo, xa que varios eran usuarios diarios da Biblioteca. Todos

aqueles participantes desta asociación que contasen co interese por participar da nosa iniciativa, puideron acceder directamente ao obradoiro. O mesmo aconteceu con outro axudante que buscamos directamente dende a Biblioteca Municipal, un veciño que aínda non chega aos sesenta e cinco anos pero que padece un trastorno do espectro autista e que pasa a diario polas nosas instalacións para conectarse aos ordenadores que temos dispoñibles na Biblioteca. Neste caso solicitámoslle axuda ca escusa de gravar en vídeo as sesións, e tras ser advertidos o resto dos participantes de como eran as súas pautas de comportamento, conseguimos integralo no grupo, xa non só como cámara de cada reunión senón tamén como participante. Dunha das sesións derivou o seu interese polo antigo club de fútbol da cidade, sobre o que logo estivo consultando a documentación que temos no Arquivo Municipal para poder compartila nos foros deportivos de internet nos que participaba.

*** Publicidade.**

Ao tratarse dunha iniciativa con estas particularidades, tivemos que limitar moito a publicidade que facíamos da mesma. As vías de comunicación para chegar aos futuros usuarios foron pactados pola Biblioteca e Cruz Roja, establecéndose un contacto directo con todas aquelas instalacións que puidesen empregar este perfil de persoas (ambulatorio, farmacias, centros de día...). A maiores, tras reunírnos cos Servizos Sociais do Concello de Betanzos fixemos outra acción de difusión directa por medio das traballadoras de atención ao fogar, servizo que se achega a diario a casas das persoas que poderían estar interesados nesta iniciativa. Ademais, os propios rexistros de Cruz Roja e dos Servizos Sociais permitiu contactar directamente co noso público obxectivo.

A maiores, publicitamos a actividade na Biblioteca Municipal con cartalaría e folletos, centrándonos especialmente no contacto directo cos usuarios que acceden a diario aos nosos servizos e que sabíamos que cumprían co perfil necesario.

Nalgunha ocasión tamén comentamos o caso nas nosas redes sociais (@BAMbetanzos) empregando o cancelo #ClubDeLecturaBetanzosHistórico para ter diferenciadas as publicacións.

E puidemos contar con algunha reseña na prensa, aínda que foi algo que se tentou frear nos últimos meses por recomendación de Cruz Roja ante a proximidade da campaña electoral, para poder manter a actividade á marxe de propostas políticas dos candidatos.

*** Beneficios e resultados obtidos.**

O principal beneficio e que sen dúbida acadamos foi rachar, aínda que fose momentaneamente, ca situación indesexada de soidade para as persoas maiores, introducindo na súa vida a lectura como vía de escape a esa situación e presentándolles unha chea de veciños na mesma situación cos que poder crear novas dinámicas.

A propia actividade levaba consigo a alta como usuario na Biblioteca Municipal, o que tamén fixo mellorar o número de préstamos pois moitos son os que se interesaron non só por libros de historia, senón tamén por novelas ou mesmo por vir cos netos a pasar as tardes ás nosas instalacións.

Este feito tamén o apreciamos no obradoiro dos guías de museo, xa que era obrigatoria a lectura dos libros do noso fondo para poder comprender o que tiñan que explicar nas visitas guiadas, polo que creamos novos usuarios independentes que xa coñecen -despois da visita guiada que lles fixemos polo centro- a disposición da nosa Biblioteca.

No referido á igualdade entre homes e mulleres, aínda que foi maioritario o público feminino, hai unha conclusión que nos gustaría partillar: ao facer o club de lectura sobre a sociedade de recreo Liceo Recreativo, tivemos que ler unhas notas de prensa enviadas a comezos do século XX a uns xornais de Betanzos onde os asociados criticaban a presenza das mulleres no devir diario desa sociedade tan elitista, permitindo só a súa entrada os días de baile. As reflexións tiradas ao respecto, tanto por homes como por mulleres, foron capaces de ver o absurdo desta desigualdade da que mesmo se mofaron.


6. LIGAZÓNS



[@BAMbetanzos](#)



[@BAMbetanzos](#)



[#ClubDeLecturaBetanzosHistórico](#)



[Lista de reproducción de Youtube – Club de lectura da historia de Betanzos](#)

Anexamos a continuación un dos libros como exemplo, o empregado na sesión dedicada ao Liceo Recreativo.


En caso de que non funcionen os enlaces, contacten con nós no correo angel.arcay@betanzos.gal

CLUB DE LECTURA DA HISTORIA DE BETANZOS

BAM Betanzos & Cruz Roja Betanzos



O EDIFICIO



Plano del Edificio construido en la Ciudad de Betanzos para Archivo del Reino de Galicia con el proyecto de Cocinas, Calavozos, y lugares comunes para el uso del Cuartel de milicias, á que esta destinado

O edificio do Arquivo de Galicia de Betanzos, coñecido na actualidade como edificio do Liceo, foi construído para os fins de arquivo de Galicia en 1764 sobre un proxecto do enxeñeiro militar Feliciano Míguez y Pereira. Recibe o nome de Edificio Arquivo ao ser sufragado polas sete provincias do Reino de Galicia (entre as que contou Betanzos até 1834) co obxecto de ser Arquivo da Real Audiencia sendo con todo un dos edificios civís máis importantes da cidade e mesmo do estado, pois foi o primeiro edificio destas características en España, aínda que non chegou a albergar nunca as actividades proxectadas. Hoxe é coñecido co nome de Liceo popularmente porque chegou a albergar ao Liceo recreativo de artesáns desde mediados do século XIX.


OS ASOCIADOS

Eran bastante estrictos en cuanto a la admisión de socios. Se formaba una Comisión de informe y calificación, examinando "sus circunstancias de moralidad" y "buenas cualidades que les adornan" Normalmente tenían que ser presentados por otro socio. También eran estrictos a la hora de sancionar las faltas cometidas por los socios. Así en el acuerdo de 27 de mayo de 1.862 se dice que "el individuo que se separe de la asociación con el adeudo de una o más mensualidades (o simplemente se separe de la asociación) no volverá a ser admitido mientras no solvante el importe de las mismas. Para el nuevo ingreso pagará cuota de entrada, como si no hubiera pertenecido anteriormente.

En caso de desórdenes o de ofensas a la Junta con dichos injuriosos o calumniosos, se reprendía amistosamente por los vocales encargados de orden, o se les expulsaba de la sociedad, en algunos casos interviniendo la autoridad gubernativa.

En todas las sociedades de igual índole a ésta no tenían entrada las mujeres excepto para bailes u otras funciones análogas. La mujer en esta época está sujeta a unos usos sociales de estricta moralidad .En este sentido recogemos el acta de 24 de marzo de 1863, en la que se da cuenta del abuso por parte de socios presentando en los salones del Liceo y a distintas horas para tomar café o refrescar a sus esposas y otras señoras, ya de sus familias o extrañas a ellas bien del pueblo o forasteras.

Considerando que la libre entrada de señoras a refrescar en los mismos salones y a las propias horas en que lo hacen los socios, es cortarles a éstos la libertad y confian convenientes para tales actos (tan peculiares en estos establecimientos) por las consideraciones y deferencias que con aquéllas hay que tener necesariamente, viniendo por este hecho a convertirse el Liceo en una reunión de rigurosa etiqueta, en vez de la confianza y expansión que allí debe reinar. Debido a esto muchos individuos se abstendrían de concurrir a tomar café. Las medidas que se toman son: prohibir la entrada diaria en todas las dependencias del Liceo, de escaleras arriba, a todas las señoras sean o no de las familias, a no ser en las épocas que se señalen.



AS FESTAS DO LICEO

Fiesta simpática y vistosísima resultó la dedicada a los niños por la entusiasta sociedad Liceo Recreativo, la tarde del domingo de Carnaval.

Labor punto menos que imposible reseñar disfraces y citar nombres, pues tal era la concurrencia que las dos amplias naves habilitadas para salón de baile resultaron insuficientes. No obstante y aún a trueque de involuntarias omisiones, daremos una ligera idea de la magnitud del festival infantil que, con tempo y en día más oportuno, deben celebrarse todos los años.

Desde las gentiles mariposas a las simbólicas margaritas, representadas con acierto y gusto exquisito, hasta la dama encopetada, de larga cola y porte distinguido, alternando con odaliscas, manolas, gitanos, chulas, majas, bailarinas mefistófeles pierrots colombinas, esclavas, sultantes, holandeses, apaches, golfillos, aldeanos, y yo que só cuanto disfraz original y caprichoso revelador del agrado con qu ellos papás gastan las pesetas para lucir y divertir a uss niños, veíanse en el salón Charlot ilusionado por los éxitos que la conquista del aire proporciona quiso volar, y apareció entusiasmado, moviendo los pedales de su tricilo que daban movimiento a las alas de enorme gavilán con que, en vano, pretendía al recorrer los salones, remontar el vuelo.

Todos los pequeños bailarines fueron obsequiados con bolsas de bombones.

Decorados con gusto irreprochable y cuajados de farolillos japoneses ofrecieron aspecto deslumbrante los tan jaleados salones del Liceo, una vez más insuficientes para recibir cómodamente a tan extraordinaria concurrencia. Era casi imposible moverse, pero como predominaban las caras bonitas, solo el despiadado contacto de algún pie masculino nos recordaba, al propinarnos tremendo pisotón, la estrechez en que nos encontrábamos.

Mantones de Manila, mantillas de blonda y vaporosos vestidos realzaban la hermosura del elemento joven que bailó sin descanso hasta la madrugada del lunes, clasificando la fiesta de estupenda y no sin justificados motivos.

La estudiantina acompañando a su agraciada presidenta y corte hizo la aparición en los salones a las doce de la noche, entre afectuosos aplausos.

El Correo de Galicia: órgano de la colectividad gallega en la República Argentina. 4 de abril de 1926.



A las seis de la tarde,

FIESTA INFANTIL EN LOS JARDINES,

repartíendose meriendas a los niños y elevándose multitud de globos grotescos. Aménzará este festival la banda municipal y la comparsa de «Blanca Nieves y sus siete enanitos».

De ocho a diez de la noche, en la plaza de los Hermanos García Naveira, gran concierto por la

BANDA MUNICIPAL DE LA CORUÑA.

A las diez y media,

GRAN VERBENA-PARK Y CENA A LA AMERICANA

en la pista «Brigo», organizada por la sociedad «Liceo Recreativo de Artesanos» y en la que actuará la orquesta «Oriente».

A la misma hora, verbena popular en la plaza de los Hermanos García Naveira.

Día 18

A las diez de la mañana, dianas y alboradas por las bandas de música y gaitas del país.

JIRA A LOS POÉTICOS CANEIROS.

Al regreso, batalla de flores, serpentinas y contenti.

SERENATA MARÍTIMA.

A las doce de la noche, en el Puente Viejo, gran sesión de

FUEGOS ACUÁTICOS Y DE AIRE.

Desde las diez, verbena popular en la plaza de los Hermanos García Naveira.

Libro das Festas de San Roque, 1948

HOMENAJE AL RECONSTRUCTOR DEL LICEO DE ARTESANOS

Betanzos (De nuestro corresponsal Maino J.R.)

Con motivo de haber cesado en la presidencia de la Sociedad del Liceo Recreativo de Artesanos de esta localidad, el prestigioso doctor don José Vázquez Crespo, un grupo de amigos y socios, le prepara un homenaje en reconocimiento a la mangífica labor realizada en favor de dicha sociedad, durante los doce años que estuvo al frente de la misma y en cuyo períodode tiempo ha sido reconstruído el edificio que ocupa, pudiendo afirmarse que gracias a su constante preocupación y a la actividad desplegada para el adecentamiento del local, este se encuentra en condiciones de ser terminado, con pequeñas reformas que puedan llevarse a cabo.

no podemos olvidar en estos momentos, aquellos días en que, con el edificio hundido, gracias a sus gestiones con el Ayuntamiento, se instaló la Sociedad provisionalmente en el edificio de Santo Domingo, volviendo más tarde al primitivo local, donde -también es justo decirlo- el Ayuntamiento invirtió una respetable suma para poder levantarlo sobre las ruínas existentes; todo esto y mucho más son gestiones que tenemos que agradecer a don José Vázquez, que alternando sus numerosos quehaceres con la dirección del Liceo, ha logrado que esta Sociedad surgiese de sus propias cenizas con más pujanza que nunca.

La Noche: único diario de la tarde en Galicia. 2 de abril de 1957.



O DERRUBAMENTO DO EDIFÍCIO EN 1948






Libro das Festas de San Roque, 1975



Libro das Festas de San Roque, 1972



Libro das Festas de San Roque, 1944





(a la izquierda edificio del Liceo)

El hundimiento del Liceo de Betanzos

N. de R.—Ofrecemos a nuestros lectores la información recibida de la prensa gallega sobre el hundimiento parcial del edificio del Liceo de Betanzos, sede de la Sociedad Recreativa de Artesanos, acaecido el pasado mes de Enero del corriente año, por creerlo de interés para todos los brigantinos, pues el Liceo trae a nuestra mente los recuerdos de aquellas inolvidables veladas danzantes allí celebradas y que los años de emigrantes no han podido borrarlos. Nos congratulamos de que no haya habido que lamentar desgracias personales.

EL EDIFICIO FUE CONSTRUIDO EN 1764
POR EL AUTOR DE LOS PLANOS DE LA
CAPITANIA GENERAL

Al ocurrir la catástrofe se produjeron escenas
de enorme emoción

El derrumbamiento del magnífico edificio que ocupaba el Liceo Brigantino, ocurrido anteayer causó sensación no sólo en Galicia, sino en diferentes puntos de España. Al difundir la noticia, fueron muchas las personalidades que se interesaron por el lamentable suceso, entre las que podemos mencionar al marqués de Lozoya.

Desiendo ofrecer a nuestros lectores una versión completa de lo acaecido, nos hemos desplazado a Betanzos, donde conversamos con diversos testigos, de quienes recogemos los siguientes datos de indudable interés:

—El hundimiento se produjo poco después de la una y media, es decir, al mediodía. Ocu-

parian el Liceo y el bar Chirri unas cincuenta personas en aquel momento. Si se llegara a retrasar un par de horas, sería probablemente un par de centenares de vecinos los que allí habría. Y nada digamos si ocurre por la noche, durante el baile que se proyectara, porque caían bloques de piedra de cuatro metros cuadrados...

—¿Pero el baile se haría en la misma nave hundida?

—Sobre una de ellas, porque se hundieron las dos del ala izquierda del edificio. Así que calcule usted un piso de veinte metros de fondo por cinco o seis de ancho lleno de gente, sobre un café también abarrotado. Una verdadera catástrofe. La otra nave estaba inhabilitada desde hacía tiempo.

Nuestro interlocutor todavía se estremece al recordarlo.

—Sólo había muchachos y señoritas, allí entonces. El hundimiento comenzó por el techo, y fué rapidísimo. Inmediatamente se congregaron

centenares de personas —yo fui una de ellas—, ansiosas por comprobar si algún pariente había sido afectado por la desgracia. Cuando se encontraban, se sucedían escenas conmovedoras.

—¿Y los que estaban dentro?

—Arriba, todos buscaban escapar por donde pudieran, incluso por las ventanas. Un muchacho quedó colgado para fuera de una de ellas, con un pie aprisionado bajo un enorme bloque de piedra. Y boca abajo, sujetaba todavía a otro amigo colgado sobre la calle. Fueron unos momentos de enorme emoción. Por fin sobre la acera colocaron colchones, y uno se dejó caer. Al otro, José Golpe Germade, de 19 años, que sufría la fractura de una pierna —tibia y peroné— lo descolgaron dos valientes compañeros por medio de una escalera. Y a todo esto, diluviando... Los demás, chicas y chicos, todos sufrieron alguna pequeña herida a consecuencia de la rotura de cristales.

—¿Y en el bar?

—Una brigada de la Guardia Civil de Costas, que se hallaba próximo a la puerta, fué violentamente despedido, y el chófer Pedro Cortés, atravesó desde la puerta toda la acera, chocando con un coche de alquiler. Un muchacho empleado del café quedó bajo un montón de escombros protegido por el mostrador. Cuando se le rescató, estuvo sin poder hablar durante varias horas a causa de la impresión.

Todavía hoy no se habla en Betanzos de otra cosa. Y aun algunos guardan cama a consecuencia del susto. Al parecer, está descartada la posibilidad de que haya quedado a alguien bajo los escombros, aunque al principio se sospechaba alguna desgracia porque aparecieron dos gabardinas que nadie reclamó. Pero lo cierto es que no falta ningún vecino, y bien pudiera ser que con el susto se hayan olvidado de estas prendas.

Deseosos de completar estos datos con el informe de un técnico, hemos interrogado al arquitecto D. Juan González Cebrián, a quien el ayuntamiento brigantino había encomendado recientemente las obras de reparación en el edificio siniestrado, que no había comenzado aún. Las referencias históricas son las siguientes:

El edificio comenzó a construirse en 1764, bajo

la dirección del arquitecto Don Feliciano Míguez, autor asimismo de los planos del edificio de Capitanía General en La Coruña. Costó 800.000 reales, recaudados gravando con un impuesto el consumo de sal y vino durante diez años. Estaba destinado al Archivo de Galicia, aunque nunca cumplió esta finalidad, pues el Archivo continuó radicando en La Coruña. Sin embargo, fué utilizado para los usos más diversos: Cuartel, cárcel, caballerizas, almacenes, escuela, oficinas, espectáculos, etc.

La fachada es neoclásica, y reviste un estimable valor.

Por último, el señor Cebrián nos da su opinión:

—Sinceramente, creo que la única culpa de lo ocurrido la tiene el arquitecto. El edificio estaba dividido en siete naves abovedadas, y la parte superior de cada bóveda se halla cubierta de piedras, quizá para evitar el uso de la madera por temor a un posible incendio. Y el peso acumulado era enorme. El muro que contrarrestaba en el ala izquierda el empuje de las bóvedas ya estaba resquebrajado. Yo hace cosa de un año que lo había visto, y ya había informes anteriores al mío que coincidían con el cariz peligroso de aquella parte.

—¿Crees que hubo desidia por parte de los propietarios?

—De ninguna manera. Lo que hubo fué falta de pesetas. Hace tiempo que se deseaba arreglar aquello, y no se podía empezar. Claro que esto vino a beneficiar, ya que ahora la reconstrucción tendrá que ser total, y con una buena distribución puede ganarse espacio para otras muchas atenciones.

—¿Pudieron ser las lluvias las culpables?

—Lo mismo da que fuera la lluvia que un simple portazo. Aquello no podía resistir mucho tiempo, por lo menos la nave lateral, que ya estaba totalmente condenada. Para mí, repito, el motivo principal fué el señor Míguez.

Esto es lo que nos dijo el señor Cebrián, cuyas explicaciones técnicas suponemos haber reflejado con bastante exactitud. Al mismo tiempo afirmó que la fachada principal no ha sufrido nada. Por lo que podrá respetarse íntegramente en las próximas obras restauradoras.

Las grandes obras son posibles, si se deponen egoísmos e individualismos en beneficio colectivo. Por encima de todo individualismo, debe estar la Institución a la que debemos apoyar con todo nuestro esfuerzo, quienes quiera que sean los que la dirigen.

Los hombres pasan, el CENTRO BETANZOS perdura
¡¡ Haga su obra !!

UN BRIGANTINO

Revista Centro Bos Aires - 1948

BETANZOS

El Liceo deberá dejar hoy totalmente libres los locales que hasta ahora vino ocupando

AYER COMENZO EL DESALOJO Y HUBO JUNTA GENERAL: INVITACION A OTRAS SOCIEDADES PARA AGRUPARSE EN EL PROPIO LICEO

A última hora de la noche de ayer, jueves, y como estaba anunciado, con gran asistencia de socios tuvo lugar la Junta General Extraordinaria convocada con motivo de los últimos acontecimientos que tanto afectan a la centenaria Sociedad Liceo Recreativo de Artesanos.

Abierto el acto por la presidencia, se dio cuenta a los reunidos de la sentencia firma recaída en los autos de juicio verbal civil, seguidos por el Ayuntamiento contra dicha Sociedad, sobre el término contractual y en cuyo pleito recayó sentencia estimando la demanda y condenando al Liceo a dejar libres los locales que venía ocupando y cuyo lanzamiento se llevará a cabo precisamente a las once de esta mañana.

A continuación hubo amplio debate y cambio de impresiones, con aportación de diversas ideas en torno a la actual situación y acuerdos a adoptar. Se acordó en primer lugar, por unanimidad, que la Sociedad debe de prevalecer con nuevas directrices, acordándose incluso cursar escritos a las sociedades culturales y deportivas de la localidad por si estiman oportuno, con autonomía propia, agruparse en la Sociedad Liceo Recreativo. Asimismo se le concedió plena facultad a la Junta directiva para realizar las oportunas gestiones a fin de conseguir un nuevo local social.

Finalmente se acordó cursar un escrito por el que se dé cuenta a sus asociados de la cantidad aproximada que puede corresponder a cada uno de ellos, con el objeto de poder amortizar la actual deuda, que alcanza una cifra de 90.000 pesetas.

ACUERDOS DE LA COMISION MUNICIPAL PERMANENTE

Por la Comisión Municipal Permanente, en sesión semanal ordinaria, fueron adoptados los siguientes acuerdos:

Se aprobó el acta de la sesión celebrada el día 6 del actual.

Fueron aprobadas facturas y cuentas por importe de pesetas 158.118.

También se aprobaron las liquidaciones practicadas a la empresa «Aquaquest», concesionaria del Servicio de Abastecimiento de Aguas, por los meses de julio a octubre del presente año.

Fueron concedidas licencias de obras a las siguientes personas: Doña Elena Lage Montevarro, don Antonio Espiñeira Purriños, don Vicente Fernández Prego, don José Pérez Doperto y doña Agueda Rodríguez Viqueira.

Por último, se acordó vender un terreno de 0,20 metros cuadrados, en el Cementerio, solicitado por doña Lourdes Purriños, para ampliación de la sepultura terrena que posee en el Cementerio Municipal.

CAMPAÑA DE NAVIDAD

Bajo le lema «Axuda a o necesitado, Nadal 73», continúan satisfactoriamente las colectas de la Campaña de Navidad, bajo la organización conjunta de la Asociación Be-



Una escena sin brillantez, pero en este caso concreto con verdadera condición histórica. Es de la vida del Liceo brigantino, del fin de su residencia en cuyo edificio ha de alzarse la nueva Casa Consistorial de la ciudad. Aquí están, descendiendo por las anchas y pétreas escaleras, ayer, dos hombres en plena tarea de retirada del mobiliario de la veterana Sociedad, que hoy ha de dejar totalmente libres estos hasta ahora sus locales. (Estudios BLANCO)

néfica San Roque, Cáritas y las Juntas Parroquiales de la localidad.

En diversos establecimientos públicos se hallan instaladas huchas petitorias, y en las misas del sábado al domingo la recaudación que se obtenga se rá destinada a este mismo fin. También se nos informa que a lo largo de la jornada ferial del próximo domingo, diversas señoritas brigantinas postularán por nuestras calles.

NATALICIO

El día once del actual, dio a luz una niña, primogénita

EL GRUPO EXPERIMENTAL «FORO» ACTUARA MAÑANA EN LAS MM. ESCLAVAS

El Grupo Experimental «Foro» del Círculo de Juventudes de la Sección Femenina actuará mañana, sábado, a las ocho de la tarde, en el Salón de Actos del Colegio de las MM. Esclavas.

Bajo la dirección de Pedro Martínez Varela representará las obras tituladas «Campos de Castillas», «El mosquito», «Los marineros» y «Tema Navideño».

Ingres

I
en el
rugla
recep
Manu
plicac
I
tará :
la mi
A
demás

Clausu

El dele
que pr

Ayer ju
de Culler
to de ca
Cultural,
lebrando
durante

Presidi
provincia
Turismo,
Rodero, :
asesor p
Popular,
Rocha, r
Tele-Club
y autorid
nes de la

Tras la
cianta se
el delega
dió a la
económ
rales a le
trove, Ru
y Lubre.

Seguida
palabras
la import
des comi
que llev
Clubs en
decidió la
da a tod
habían ir
mana y
ción por
tos se c
tarea col
realiza a
dades en
cultural,

CURSO PARA PREP



Ayer dio comienzo en la Escuela Ho paración de la Navidad. A las 5,30 nunció una lección sobre la auténtica celebración de la Navidad. A contraradora), orientó a las asistentes sobre chas, dando ideas prácticas y repa por sí mismas las interesadas. El g